



O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Como podedes comprobar a antiga sala do fútbol xa está pintada e adaptada para aula multimedia. Xa colocaron mesas e sillas e xa hai dous ordenadores. Empezaron a colocar o soporte da antena que, desde a Cultural, rebotará o sinal ao resto do pobo. A antena repetidora do Wimax aínda non se colocou por mor dalgúns cambios dos cargos responsables nos organismos que xestionan este tipo de convenios. Esperamos que proximamente teñamos noticias da empresa encargada de instalar a antena e acabar de montar a aula multimedia.



Respecto á antena de telefonía móbil parece que, unha vez feitas as comprobacións sobre o terreo, a ubicación final da mesma non é a máis axeitada para dar cobertura a todo o pobo, polo que a empresa concesionaria está plantexando ubicacións alternativas e vai facer probas da cobertura que daría a antena con máis altura.



Segundo coa nosa incorporación ao mundo dixital vos informamos que xa temos unha páxina web de proba en www.cousodegulans.com. Proximamente activaremos tamén a dirección www.cousodegulans.es, xa que é necesario que a páxina estea nun dominio .es para acadar unha subvención que solicitamos á Secretaría de Comunicación da Xunta.

Ao longo do mes de abril iremos añadiendo as páxinas que faltan ata completala. Despois faremos modificacións estéticas para facela máis atractiva, ao longo do mes de maio, para seguir añadiendo novas ideas a continuación. Esperamos que para cando se inaugure o sistema de acceso a Internet a través de Wimax, e a aula multimedia, poidamos ter totalmente operativa a nosa páxina web.

Neste exemplar:

- | | |
|---|---|
| 1 | Limiar |
| 2 | Programación trimestral |
| 3 | Receita • Día das Letras Galegas (por Montse Groba) |
| 5 | Colaboración literaria (por Mary Carballido) |
| 6 | Limiar (continuación) • Actividades realizadas |



(segue en páxina 6)

PROGRAMACIÓN CULTURAL

2º TRIMESTRE 2008

Día das Letras Galegas

A b c d e f g h i l m n ñ o p
q r s t u v x z

Celébrase o día das Letras Galegas, adicado este ano a Xosé María Álvarez Blázquez, do que Montse fainos unha semblanza neste mesmo boletín.

Sábado, 17 de maio, anunciaranse hora e actividades programadas

Data e hora por determinar, de finais de xuño ou principios de xullo

Festa do Pote



Este ano, debido á coincidencia do 19 de marzo coa Semana Santa, decidimos aproveitar o remate das obras da restauración dos muíños para facer esta festa no entorno dos muíños, a xeito de inauguración non oficial.

Restauración dos muíños



Para rematar os obras de restauración dos muíños e necesario levar a cabo varias tarefas preparatorias que podemos facer nós.

Varias fins de semana, que se anunciarán oportunamente.

Receita

ARROZ CON LECHE CONDENSADA



Ingredientes:

- Arroz
- Una taza de té
- Una rama de canela
- Un bote de leche condensada

Preparación:

- Poner a cocer un cuarto de litro de agua con una taza de té. Cuando hierva el agua se hecha el arroz y la canela en rama.
- Cuando está sin agua, se añade otro cuarto de litro de agua caliente y se repite la operación hasta que el arroz esté blandito y muy jugoso.
- En este momento se le añade la leche condensada, se revuelve y cuece durante un par de minutos más removiendo constantemente y se retira del fuego.
- Una vez que se retira del fuego se remueve varias veces hasta que se enfría.

Aportada por: Monse Groba

Este ano o Día das Letras Galegas dedícase a:

Xosé María Álvarez Blázquez



Naceu en Tui (Pontevedra) en 1915, e faleceu en Vigo en 1985.

Escritor en lingua galega e castelá, Álvarez Blázquez é fillo de Darío Álvarez Limeses, milito una Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galerista. Xunto con Luís Viñas Cortegoso fundou a Editorial Monterrey no ano 1950. Xa en 1962 ingresou na Real Academia Galega e dous anos despois, en 1964, fundou unha nova editorial: Edicións Castrelos.

Da súa obra en galego destacan a colección de relatos Os ruíns (1936) e A pega rabilongo e outras historias de tesouros (1971), no xénero da narrativa infantil. Entre a súa obra lírica, o poemario, realizado xunto co seu irmán Emilio, Poemas de ti e de min (1949), Roseira do teu mencer (1950), Cancioneiro de Monfero (1953), unha das obras claves do neotrobadorismo, Romance do pescador peleriño (1954), ademais de Canle segredo, escrito no 54 e publicado no 76.

Como ensaísta, publicou Escolma de poesía galega II: A poesía dos séculos XIV a XIX (en 1959), Escolma de

epigramas (1968), e Escolma de poesía medieval (1975).

En castelán Álvarez Blázquez publicou a novela *En el pueblo hay caras nuevas*(1945).

A RAG, basea a súa decisión de homenaxear coas Letras Galegas 2008 a Álvarez Blázquez por ser "o exemplo perfecto dun home polígrafo, erudito e interesado pola historia, a arqueoloxía ou a literatura entre outros aspectos.

ALGUNHAS DAS SÚAS OBRAS:

-*Poemas de ti e de min* [con Emilio Álvarez Blázquez], Colección Benito Soto, Pontevedra, 1949.

-*Roseira do teu mencer*, Edicións Monterrey, Vigo, 1950.

-*Cancioneiro de Monfero (Século XIII)*, Edicións Monterrey, Vigo, 1953.

-*Romance do pescador peleriño*, Edicións Monterrey, Vigo, 1954.

-*Canle segredo*, Editorial Castrelos, Colección Pico Sagro, Vigo, 1976.

-*Poesía galega completa*, Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1987. [Inclúe os libros e folletos e mais un apartado de *Inéditos e dispersos*.]

-*A pega rabilonga e outras historias de tesouros*, Editorial Castrelos, Colección O Moucho, Vigo, 1971.

-*Alexandro Bóveda. Apunte Biográfico*. A Coruña, 1982 (edición secuestrada). Edición distribuída: Ir Indo Edicións, Vigo, 1992....

Unha poesía súa: "*Ise neno da rúa*"

*Non é certo que os nenos teñan fame
Non pode ser.*

Ben o sabedes todos

os que andades no mundo atafegados

á procura do pan dos vosos fillos

Ises outros que vedes pola rúa

pedindo esmola,

non teñen fame, non, porque daquela

vos teríades morto de vergonza.

E ben vos vexo andar nos vosos coches

ou nos tranvías, a berrar de cousas

estranas, -¡viva, beba, baba, bubaj-

sen reparar naquil esfarrapado

que coa moura mauciña está petando

na porta de ferro.

Por iso penso que non é verdade

o que algún caviloso di dos nenos

que andan así petando pola vida

-¡Non, home, non¡- lle dixen a un de

aqueles-

A xente pasa leda.....¡Fora boa

que andivesen a rirse dos seus crimes¡

Traballo elaborado por Montse Groba

O MEDO

¿Qué é realmente o medo?

Medo o descoñecido.
Medo a escuridade.
Medo os demos.
Medo os fantasmas.

¿Quén inventou iso do medo?
Iso nace en nos



Non todos somos iguais de asustados, algúns queremos ir meter alí os fuciños ou queremos experimentar a sensación, e outros non se atreven nin a xirar a cabeza quizais iso de ter medo e unha parvada pero nos tempos que corren debemos ter medo, moito medo non, pero na medida xusta, ser prudentes.

Falo de medo os vivos, os mortos, mortos están, se saímos a rúa temos que pechar a porta, fiestras non podemos confiar pois non sabemos quen esta no burato de porta, este tipo de medo e necesario.

Non podemos facer alarde de valentía e dicir que non temos medo cando estamos cagadiños, temos que ser claros con nos mesmos, se necesito que me acompañen pedilo e non saír pitando para despistar que non podemos nin andar.

Recordo de cativa cando saíamos que deixabamos a porta aberta de par en par..... ¡Tempos aqueles! Agora a cousa non e tan doada temos que levar sempre o ollo ben aberto.

Día tras día no parte din mais de miles de desgrazas, algunha pódese evitar pero non todas, ¿Como? As veces vamos dicindo vou aquí, alí, a mil sitios, sen querer estamos avisando onde estamos en todo momento.

Poñamos na practica o ser prudentes pois e a única maneira que temos de evitar loucuras como as que oímos todos os días e aínda así non estamos libres de expoñernos o perigo.

Mari Carballido



Limiar (continuación)

Tamén, como podedes ver na convocatoria da asemblea trimestral, seguimos a dar pasos para constituir unha Asociación Veciñal que nos permita xestionar e reivindicar mellor as nosas necesidades. Nesa reunión vaise constituir a Xestora para, nun breve prazo, presentar unha proposta de Estatutos que deberá ser refrendada por todos os interesados. Despois se enviará á Xunta de Galicia para a legalización da Asociación, tras o que se poderá elixir unha Directiva representativa.



Noutro orde de cousas, estamos tamén asistindo as reunións para constituir o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) que levará a cabo a xestión dos fondos europeos LEADER na nosa comarca. Aínda que o orzamento deste período 2007-2013 é lixeiramente inferior ao anterior, esperamos contar coa vosa colaboración para elaborar un proxecto de inversión para Couso que sexa capaz de aglutinar os esforzos da xente máis activa.

Finalmente, queremos volver a insistir no esforzo que está a supor o proxecto de restauración dos muíños, que nos obriga a adicarlle practicamente todo o noso tempo dispoñible. Todas as colaboracións, aínda que sexan limitadas no tempo, son moi ben recibidas.

Actividades realizadas

O domingo, 3 de febreiro, celebramos o Entroido, cos seus disfraces e comidas típicas.



Os días 1, 2, 29 e 30 de marzo estivemos no entorno dos muíños realizando diversas tarefas, fundamentalmente, plantación de árbores frondosas e limpeza da vexetación que había antes (piñeiros e eucaliptos). Aínda queda traballo dabondo e, en concreto, o 5-6 de abril está previsto completar a plantación.



Debido á coincidencia do 19 de marzo coa Semana Santa decidimos posponer a Festa do Pote e facela coincidir cunha inauguración extraoficial dos muíños restaurados. Probablemente sexa a finais de xuño ou principios de xullo.